



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CENTRO GOIANÉS

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.9456, -8.77011

Tipo de ben: Centro Goianés

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián

Cronoloxía: 1916/1952-1954

Construtor: Serafín Carrera Fernández

Promotor: *Sociedad Centro Goyanés*

Propiedade: -

Uso actual: ocio

Estado de conservación: bo. Reformado

Comentario e descrición

A *Sociedad Centro Goyanés* foi constituída o 12 de Abril de 1914. Nos primeiros anos da súa vida esta tivo como sede un edificio propiedade de D. Teodosio Otero Álvarez, ata que o 14 de abril de 1916 acórdase a construción da nova sede. A súa finalidade, como consta nos estatutos, era recreativa e instrutiva.

O edificio actual é froito de diversas reformas e ampliacións. Así, nun primeiro momento este soamente contaba cunha planta baixa máis faiado. No ano 1952 decídese ampliar en altura, engadindo o segundo andar, e modificando a situación da porta de entrada.

Actualmente este edificio presenta unha planta rectangular e está estruturado en dous andares diferenciados na fachada principal grazas á imposta corrida realizada con pedra. Esta tamén se utiliza para ás divisións verticais e as partes nobres como zócalo, a cornixa, o perímetro dos vans, as esquinas do edificio ou o pequeno ático con bolas de remate. O resto está realizado en cachotería recebada e pintada en branco. A entrada principal sitúase no lado dereito e sobre ela dispónse o escudo coa data da construción e a da posterior reforma.

Referencias bibliográficas

- Documentación e Libro de Actas do Centro Goianés.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (sen publicar).
- Modificación puntual nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal relativa á reconfiguración de espazos públicos e usos no núcleo urbano de Goián, Concello de tomiño.

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: GOI-12

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA